



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO  
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**  
Memoria de Actividades 2013





# ÍNDICE


Edita:

**Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**

Rúa Lamas de Abade, s/n  
CIFP Compostela 5º andar  
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: +34 981534173 - Fax: +34 981534174  
Correo-e: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)  
Páxina web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título deste e á ACSUG como editora.



EUROPEAN ASSOCIATION FOR QUALITY ASSURANCE IN HIGHER EDUCATION



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Ambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	13 CALIDADE INTERNA
	14 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	14 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS NO 2013	17
	17 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	22 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	35 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	39 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	43
	43 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	46 OUTRAS COLABORACIÓNS
	47 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	48 PUBLICACIÓNS



A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

No 2013 a ACSUG seguiu concedendo especial importancia á súa proxección internacional, participando nas actividades da European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) da que é membro de pleno dereito dende o 2009. A ACSUG tamén está inscrita dende o 2010 no European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR), ao que pertencen axencias de calidade universitaria a nivel europeo que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

A ACSUG é ademais, dende xuño do 2013, membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA). ECA proporciónalles aos seus membros unha oportunidade para incidir no recoñecemento mutuo das avaliacións e mais no intercambio de boas prácticas en temas de educación superior.

Outra actividade salientable, a nivel internacional, foi a avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres (USMP) e da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV), ambas as dúas situadas

en Perú. Tamén se estableceu un convenio marco coa Universidade San Luis Gonzaga de ICA, tamén en Perú.

A ACSUG, como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, considera fundamental, en primeiro lugar, garantir un axeitado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Por iso no ano 2013 continuouse a traballar na mellora do sistema de xestión interna e nos métodos de traballo. Unha das melloras máis destacadas foi a implantación do novo deseño da páxina web da ACSUG, máis intuitiva e cunha información máis relevante e accesible a todos os grupos de interese do SUG.

A ACSUG continuou coa realización de actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre abranguer todos os grupos de interese do SUG e mellorar a calidade das universidades galegas. Velaquí as actividades máis salientables: a verificación e seguimento de titulacións universitarias, sistemas de garantía da calidade dos centros universitarios, distintos procesos de avaliación do profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral, etc.

No ano 2013 hai que destacar o aumento de actividades e competencias da ACSUG no tocante á avaliación da investigación universitaria, como por exemplo co programa Isidro Parga Pondal, coa consolidación e estruturación de unidades de investigación, coa avaliación de bolsas posdoutorais, etc.

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2013.



A ACSUG plasmou nun documento público o seu código ético, establecendo os principios e os obxectivos xerais e estratéxicos que serven como base na realización das actividades da axencia.

Neste documento inclúense a misión e mais a visión da ACSUG:

#### MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e para iso lévanse a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuíndo a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.


#### VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente en canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.

### ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, órganos consultivos e órganos de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidenta ou presidente, o consello de Dirección e a directora ou director.



A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), como órgano superior de avaliación, xunto co consello Asesor, como órgano consultivo, son órganos permanentes da ACSUG.

#### **A presidenta ou presidente da ACSUG**

É o máximo representante institucional. Á presidenta ou presidente correspóndelle, entre outras funcións, convocar e presidir as sesións do consello de Dirección, dirixir as deliberacións e decidir os empates co seu voto de calidade, e mais velar pola consecución dos obxectivos da ACSUG e polo cumprimento dos seus estatutos.

#### **O consello de Dirección**

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión. Entre as súas funcións atópanse as seguintes: a aprobación da programación anual de actividades, a adopción das medidas axeitadas para a mellor organización e funcionamento da ACSUG e a aprobación dos orzamentos da ACSUG e das súas contas anuais.

Son membros do consello de Dirección a presidenta ou presidente da ACSUG, representantes das universidades do SUG e do Goberno de Galicia, membros destacados da comunidade académica e científica ou empresarial, estudantes do SUG, a presidenta ou presidente da CGIACA e a directora ou director da ACSUG. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

#### **A directora ou director da ACSUG**

É o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG de acordo coas directrices do consello de Dirección.

#### **Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)**

A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG e exerce, con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que ten atribuídas a ACSUG ás que se fai referencia no artigo 7 dos seus Estatutos, e tamén outras funcións análogas, propias do ámbito da garantía da calidade universitaria, que lle poidan ser encomendadas polo consello de Dirección ou pola normativa que resulte de aplicación.

A CGIACA actúa con independencia de calquera outro órgano e institución e adopta as decisións finais respecto das funcións que ten atribuídas, das que é a última responsable.

A CGIACA está composta por un presidente, por seis vogais de recoñecido prestixio da comunidade académica e científica e polo director da ACSUG, que actúa como secretario con voz e sen voto. Os membros da CGIACA actúan a título persoal e con plena independencia.

Para o exercicio das súas funcións, a CGIACA conta con comités de asesores expertos designados pola propia comisión. No ano 2013 colaboraron un total de 226 asesores expertos, algúns dos cales participaron en varios procesos de avaliación diferentes.

O regulamento de funcionamento, os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe e certificación que aproba e mais as normas reguladoras da composición, réxime de funcionamento, requisitos e procedemento de designación dos comités de asesores de expertos aprobados pola CGIACA son públicos.

#### **O consello Asesor**

O consello Asesor é o órgano consultivo da ACSUG e correspóndelle a análise e a reflexión sobre o funcionamento e as actividades que desenvolve a ACSUG. Entre as súas funcións está, ademais, a de resolver as controversias que se produzan no que atinxe ao cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas respecto dos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.

Actualmente o consello Asesor está presidido polo director da ACSUG, e está composto, ademais, por oito vogais, que son designados polo consello de Dirección entre personalidades de recoñecido prestixio do eido científico, académico e profesional, nacional e internacional, alleos ao SUG, e garantindo a presenza de representantes do sector empresarial e de estudantes das universidades galegas. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

#### **Recursos humanos**

O cadro de persoal da ACSUG está formado polo director, 11 técnicos e 5 administrativos. A nivel operativo/funcional, a ACSUG conta coas seguintes seccións:

#### **Gabinete de Dirección**

Encárgase fundamentalmente das relacións externas, do apoio aos comités de avaliadores expertos e mais do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

#### **Unidade de Programas**

Ocúpase dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de

sistemas de garantía de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación da calidade docente do profesorado universitario (Programa Docencia), e mais da realización de estudos e análise de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.

#### **Unidade e Profesorado**

Correspóndelle realizar, entre outras actividades, a avaliación previa á contratación de profesorado universitario e á asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores. Realiza tamén a análise e seguimento das capacidades en I+D+i asociadas ao ámbito universitario, así como outras funcións de avaliación de profesorado universitario e grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

#### **Unidade de Xestión**

Nesta unidade encádranse os departamentos encargados de lles dar soporte ás outras unidades e mais aos servizos xerais que son necesarios para o desempeño das actividades da ACSUG.

### **CALIDADE INTERNA**

#### **Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente**

A ACSUG ten implantado e certificado externamente por AENOR un sistema de xestión interno seguindo a norma ISO 9001:2008 (xestión de calidade) e mais a norma ISO 14001:2004 e o Regulamento EMAS do ano 2009 (ambos sobre xestión ambiental). A ACSUG atópase no ciclo de certificación 2012-2015.

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un axeitado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

Durante o ano 2013 cómpre salientar importantes accións levadas a cabo:

- Finalización do deseño e estrutura da nova páxina web da ACSUG e posta en funcionamento desta.
- Impulso da medición sistemática a todos os niveis na ACSUG: avaliación do traballo realizado polos expertos externos, estandarización dos procesos de medición da satisfacción de clientes e usuarios, valoración de xornadas de formación organizadas pola ACSUG, etc.

As melloras importantes nas que a ACSUG ten que seguir incidindo de cara ao ano 2014 son:

- Continuación coa simplificación documental e desenvolvemento de diagramas de fluxo de todos os procedementos.
- Realización dunha maior publicidade do resultado dos procesos de medición da satisfacción realizados pola ACSUG.
- Revisión xeral dos indicadores do sistema de xestión interna e realización de dous resumos anuais cos resultados dos indicadores.

#### Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e a xestión

A ACSUG busca sempre implantar calquera outra norma que posibilite unha mellora continua e un mellor desenvolvemento das actividades. Por iso ten implantadas a Lei de prevención de riscos laborais (LPRL) e mais a Lei de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

### TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2013, amais das tarefas derivadas da actividade diaria da ACSUG, os servizos informáticos desenvolveron as seguintes actividades:

- Posta en marcha da nova páxina web da ACSUG. Esta nova páxina desenvólvese tomando como base o xestor de contidos Drupal.
- Mellora no acceso aos informes de avaliación de títulos. Automatízase a súa publicación na mesma ferramenta empregada para a avaliación, e enlázase na páxina web da ACSUG.
- Posta en marcha da aplicación para a realización de enquisas de satisfacción. Óptase polo emprego da aplicación web de código aberto LimeSurvey.
- Melloras na aplicación que xestiona os complementos autonómicos á excelencia curricular para facilitar a xustificación dos méritos achegados.
- Melloras na aplicación que xestiona o proceso de acreditación do profesorado. Incorporáanse melloras destinadas a que o avaliador poida consultar as súas valoracións individuais unha vez pechada a avaliación, de cara a axilizar o proceso de avaliación en consenso.
- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA). A aplicación adáptase aos cambios no manual e ás propostas dos usuarios.

### XESTIÓN ECONÓMICA

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 inclúe unha partida específica para asegurar o normal funcionamento das actividades da ACSUG. Esta partida recóllese anualmente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ACSUG percibe outros ingresos por actividades de avaliación que lle son solicitadas e que se formalizan a través de convenios de colaboración (avaliación do Programa Docentia, avaliación do PDI da Universidade de Vigo, avaliación de titulacións e profesorado da Universidade de Oviedo, avaliación de centros de diferentes universidades de Perú, etc.).

O control orzamentario permite coñecer en cada momento o custo de cada unha das actividades realizadas e facer as previsións correspondentes para acadar un gasto eficiente, responsable e equilibrado con respecto aos ingresos obtidos.


Deseguido detállase polo miúdo o orzamento de gastos do exercicio 2013:

Ingresos do exercicio	Previsións iniciais	Dereitos liquidados
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00	36.875,74
4. Transferencias correntes	1.218.000,00	1.203.925,80
5. Ingresos patrimoniais	1.500,00	1.048,39
<b>Importe total</b>	<b>1.219.500,00</b>	<b>1.241.849,93</b>

Gastos do exercicio - Económica	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas
1. Gastos de persoal	518.528,78	473.594,98
2. Gastos correntes en bens e servizos	676.221,22	691.340,30
6. Inversións reais	24.750,00	11.441,15
<b>Importe total</b>	<b>1.219.500,00</b>	<b>1.176.376,43</b>

Gastos do exercicio - Areas	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas
1. Órganos da ACSUG	83.069,80	72.000,55
2. Unidade de Profesorado	380.147,83	341.617,78
3. Unidade de Programas	390.675,41	365.480,99
4. Actividades de colaboración externa	38.681,04	94.627,86
5. Unidade de Xestión	326.925,92	302.649,25
<b>Importe total</b>	<b>1.219.500,00</b>	<b>1.176.376,43</b>

As contas anuais e a liquidación do orzamento sométense a auditoría anualmente. Unha vez rematada a auditoría, esta documentación remítese, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e mais ao consello de contas de Galicia, para o seu coñecemento e control.



## AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

### Verificación-Modificación de títulos oficiales

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 do 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e ao disposto pola "Secretaría Xeral de Universidades" da "Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" da "Xunta de Galicia", ACSUG é a responsable da avaliación, previa á verificación por parte do Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a devandita normativa.

O procedemento de avaliación de cada expediente/ proposta de título pasa polas seguintes fases:

- 1ª) Presentación da Memoria de cada título por parte da universidade ao Consello de Universidades (CU) a través da aplicación informática creada, para tal efecto, polo Ministerio de Educación.
- 2ª) Revisión e validación da documentación polo CU e envío do plan de estudos á ACSUG.
- 3ª) Asignación de cada expediente á Comisión de Avaliación de Rama (CER) correspondente e elaboración do informe provisional por parte da ACSUG, seguindo os protocolos de avaliación deseñados por esta para tal efecto, respectando os acordos de REACU.

- 4ª) Envío do informe provisional á universidade e apertura dun prazo de alegacións. (20 días naturais).
- 5ª) Revisión das alegacións por parte da CAR correspondente, elaboración do Informe Final por ACSUG en termos favorables ou desfavorables e envío ao CU.
- 6ª) O CU comunica a resolución de verificación ao MEC, á Comunidade Autónoma e á Universidade.
- 7ª) No caso de informe favorable, a Comunidade Autónoma debe decidir sobre a súa autorización.
- 8ª) De se aprobar a súa autorización, o título inscríbese no RUCT e considérase título acreditado.
- 9ª) Unha vez implantado o título, a ACSUG realizará un seguimento seu anual tomando como base os acordos tomados pola CURSA.
- 10ª) Transcorridos 6 anos no caso de graos e doutoramentos e 4 anos no caso dos másteres, procederase á renovación da acreditación, sempre e cando a ACSUG comprobe que o plan de estudos se está a desenvolver conforme ao proxecto inicial (que incluírá, en todo caso, unha visita de expertos externos á universidade) e ás recomendacións establecidas durante o proceso de seguimento.

### TÍTULOS AVALIADOS POLA ACSUG NO 2013

A ACSUG realizou a avaliación previa á implantación do título (verificación) de 109 títulos: 1 título de grao, 28 másteres e 80 programas de doutoramento. Ademais, avaliáronse tamén un total de 30 modificacións: 22 graos e 9 másteres.

VERIFICACIÓNS													
Rama de conocimiento	UDC			USC			UVI			TOTAL			Total
	G	M	D	G	M	D	G	M	D	G	M	D	
<b>Artes e Humanidades</b>	0	1	0	0	5	6	0	2	5	0	8	11	<b>19</b>
<b>Ciencias</b>	0	0	3	0	1	10	0	1	5	0	2	18	<b>20</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	0	0	1	0	4	12	0	0	0	0	4	13	<b>17</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	0	2	5	0	0	8	0	5	6	0	7	19	<b>26</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	1	1	6	0	4	6	0	2	7	1	7	19	<b>27</b>
<b>Total</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	<b>14</b>	<b>42</b>	<b>0</b>	<b>10</b>	<b>23</b>	<b>1</b>	<b>28</b>	<b>80</b>	<b>109</b>

Títulos verificados pola ACSUG no 2013

MODIFICACIÓNS													
Rama de conocimiento	UDC			USC			UVI			TOTAL			Total
	G	M	D	G	M	D	G	M	D	G	M	D	
<b>Artes e Humanidades</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>
<b>Ciencias</b>	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	<b>1</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	0	2	0	0	1	0	0	0	0	0	3	0	<b>3</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	8	2	0	2	1	0	4	0	0	14	3	0	<b>17</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	6	0	0	0	1	0	1	1	0	7	2	0	<b>9</b>
<b>Total</b>	<b>14</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>22</b>	<b>9</b>	<b>0</b>	<b>30</b>

Modificacións avaliadas pola ACSUG no 2013

### Seguimento de títulos oficiais de grao e máster

No ano 2013 as Comisións de Avaliación de Expertos Externos, nomeadas pola ACSUG, analizaron o contido dos informes de seguimento de 94 títulos oficiais das tres

universidades do SUG correspondentes ao curso académico 2010-2011, dos que 70 eran títulos de grao e 24 títulos de máster.

Distribución de títulos por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensino

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA ACSUG					
RAMA	CICLO	2013			TOTAL
		UDC	USC	UVI	
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	5	8	4	<b>17</b>
	Máster	2	3	2	<b>7</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	2	3	4	<b>9</b>
	Máster	0	0	3	<b>3</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	4	2	2	<b>8</b>
	Máster	0	2	0	<b>2</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	11	8	13	<b>32</b>
	Máster	1	2	4	<b>7</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	Grao	2	1	1	<b>4</b>
	Máster	1	3	1	<b>5</b>
<b>TOTAL</b>		<b>28</b>	<b>32</b>	<b>34</b>	<b>94</b>

Ata este momento realizáronse tres convocatorias do proceso de seguimento, unha primeira piloto no 2011 e posteriormente outras dúas máis no 2012 e mais no 2013. Dos 345 títulos de grao e máster verificados no SUG, a ACSUG realizou o seguimento de 291, distribuídos segundo se indica na táboa seguinte. Nesta táboa indícanse os títulos obxecto de seguimento nas tres convocatorias por universidade, ramas de coñecemento e tipo de ensino.

Velaquí a distribución de títulos con proceso de seguimento: UDC (49 graos e 24 másteres), USC (51 graos e 60 másteres) e UVI (47 graos e 60 másteres). Hai que ter en conta que se un título é obxecto de seguimento en máis dunha convocatoria, contabilízase en todas as que participa.

Distribución de títulos por convocatoria, universidade, rama de coñecemento e tipo de ensino

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POR ACSUG													
RAMA	CICLO	2011				2012				2013			
		UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	0	0	1	<b>1</b>	2	9	5	<b>16</b>	5	8	4	<b>17</b>
	Máster	0	0	0	<b>0</b>	1	7	7	<b>15</b>	2	3	2	<b>7</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	0	1	1	<b>2</b>	1	4	4	<b>9</b>	2	3	4	<b>9</b>
	Máster	0	0	0	<b>0</b>	1	12	5	<b>18</b>	0	0	3	<b>3</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	1	0	0	<b>1</b>	4	2	2	<b>8</b>	4	2	2	<b>8</b>
	Máster	0	0	0	<b>0</b>	3	8	1	<b>12</b>	0	2	0	<b>2</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	1	1	0	<b>2</b>	8	9	5	<b>22</b>	11	8	13	<b>32</b>
	Máster	1	0	1	<b>2</b>	8	16	18	<b>42</b>	1	2	4	<b>7</b>
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	Grao	0	0	0	<b>0</b>	8	3	5	<b>16</b>	2	1	1	<b>4</b>
	Máster	0	0	1	<b>1</b>	6	7	17	<b>30</b>	1	3	1	<b>5</b>
<b>TOTAL</b>		<b>3</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>42</b>	<b>77</b>	<b>69</b>	<b>188</b>	<b>28</b>	<b>32</b>	<b>34</b>	<b>94</b>

Tamén cómpre salientar que se realizou un maior número de seguimentos na rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, aspecto que vén motivado pola existencia dun maior número de títulos desta rama no SUG.

Na táboa seguinte indícase o número de títulos obxecto de seguimento en máis dunha convocatoria, dos que os máis son títulos de grao.

TÍTULOS CON VARIOS SEGUIMENTOS					
RAMA	CICLO	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	2	8	5	15
	Máster	1	0	0	1
Ciencias	Grao	1	4	4	9
	Máster	0	0	0	0
Ciencias da Saúde	Grao	4	2	2	8
	Máster	0	0	0	0
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	8	9	4	21
	Máster	1	0	1	2
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	2	1	1	4
	Máster	0	0	1	1
<b>TOTAL</b>		<b>19</b>	<b>25</b>	<b>20</b>	<b>61</b>

Distribución de títulos en máis dunha convocatoria por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensino

### Accreditación de títulos universitarios

Todos os títulos verificados e postos en marcha teñen que se someter a un novo proceso, chamado acreditación, cada seis anos no caso de graos e cada catro anos no caso de másteres ou doutoramentos.

As universidades galegas solicitaronlle á Consellería de Educación a renovación da acreditación para o primeiro semestre do 2013 de 38 títulos oficiais de máster. Con todo, estase á espera da publicación dun Real Decreto que estableza unha moratoria do proceso para os vindeiros dous anos.

### Sistemas de Garantía Interna de Calidade. Programa FIDES-AUDIT

Como continuación ao proceso iniciado no ano 2007, no que as axencias ACSUG, ANECA e AQU lles presentaron publicamente ás universidades españolas o Programa AUDIT, e dado o alto grao de aceptación obtido na fase de avaliación dos deseños, ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron oportuno crear un Modelo para a Certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) implantados nos centros universitarios.

A ACSUG adaptou a guía de certificación dos SGC elaborada polas tres axencias e desenvolveu un proxecto piloto en xullo do 2013.

A certificación da implantación dos SGC implica a realización dunha auditoría externa, levada a cabo por dúas comisións de avaliación constituídas para tal efecto, segundo os criterios previamente establecidos e publicados na nosa web.

As comisións están compostas por vogais académicos e profesionais e mais por persoal técnico da ACSUG.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Auditor Xefe: Antonio López Cabanes	Auditor Xefe: Laureano González Vega
Profesionais: María Vilas Breijo Cecilia de la Rosa González	Profesional: Marta González Moldes
Secretaria ACSUG: M <sup>a</sup> Paula Ríos de Deus	Secretaria ACSUG: M <sup>a</sup> Dolores Castro Pais

No proxecto piloto participaron 5 centros do SUG.

convocatoria oficial de certificación da implantación dos SGC dos centros das universidades do SUG.

Catro centros obtiveron informe favorable e no caso do outro emitiuse un informe sen valoración, co compromiso do centro de solicitar unha nova auditoría logo dun tempo prudencial durante o que poidan realizar a posta en marcha dos procedementos, tal e como se recolle no deseño, e xerar evidencias da súa correcta implantación baseándose na versión 2013 do seu SGC.

A convocatoria oficial do 2013 abriuse o 11 de novembro e o 15 de decembro rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no proceso de certificación da implantación dos SGC. Os centros interesados deberán cubrir a solicitude de participación segundo o modelo da ACSUG. O número máximo de centros que poden participar na convocatoria é de 4 por universidade.

Tras o proceso de metaavaliación, a ACSUG actualizou e mellorou a guía de certificación co obxectivo de abrir a

CENTROS PARTICIPANTES NA 1ª CONVOCATORIA (Proxecto piloto) CERTIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN SGC PROGRAMA FIDES-AUDIT		
UNIVERSIDADE	CENTROS	TOTAL CENTROS
UDC	Facultade de Informática	2
	Facultade de Economía e Empresa	
USC	Escola Técnica Superior de Enxeñaría	1
UVI	Facultade de Bioloxía	2
	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	

## AVALIACIÓN DO PROFESORADO


### Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG

Coma en anos anteriores, no 2013 realizáronse as seguintes convocatorias:

- Resolución do 4 de febreiro do 2013, da Presidenta da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do SUG.

- Resolución do 4 de febreiro do 2013, da Presidenta da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención do informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador polas universidades do SUG.



Este ano o número de solicitantes do procedemento de acreditación diminuíu en comparación con anos anteriores. A comparativa dos solicitantes por sexos este ano está moi igualada e podemos destacar que o volume de solicitudes femininas foi superior ao de masculinas.



Mostra o número total de solicitantes e solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada e CO: profesor colaborador).

No gráfico seguinte podemos ver a comparación entre o número de resolucións desfavorables e os recursos presentados.

Despois da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados velaquí os datos definitivos do procedemento de acreditación (Gráfico inferior).



A figura de contratación excepcional de colaborador ten unha peculiaridade significativa, e é que o Real Decreto 989/2008, do 13 de xuño, polo que se regula a contratación excepcional de profesores colaboradores, indica no seu artigo 6 que as universidades poderán convocar concursos para a contratación de profesoras e profesores colaboradores ata o 3 de maio do 2013. Polo tanto este ano será o último en convocar este tipo de acreditación previa.


#### Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG

A través da Orde do 22 de abril do 2008 (DOG do 5 de maio do 2008) establécese o procedemento que ten que seguir a ACSUG para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia e mais tamén para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos devanditos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

- **Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** Poden solicitar esta avaliación todos aqueles que estean contratados por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e que se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario. No ano 2013 houbo só 1 solicitante nesta convocatoria.
- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** Poden solicitar esta avaliación todos aqueles que tivesen unha prórroga no seu contrato como profesoras e profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

Número de solicitudes presentadas no período 2013 para a avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG. (Lenda: H é 'home', M 'muller' e T 'total'.)

#### Número de solicitantes á avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores do ano 2013



#### Complementos retributivos

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, determina que as comunidades autónomas poderían establecer, artigo 55 (persoal docente e investigador contratado), e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario) retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

Desenvolvendo estes dous artigos, publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co obxecto de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos para o persoal

docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas de Galicia. Establécese catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEX).

Estes datos corresponden a resultados globais das convocatorias do 2012 dos catro complementos retributivos autonómicos que existen na actualidade en Galicia. O que se cadra é máis destacable é a alta porcentaxe de positivos como factor común a 2 dos

tres tipos de complementos. Os solicitantes que se presentan á avaliación coñecen previamente os requisitos de valoración e adoitan cumprir con estes parámetros previamente. O único que ten unha porcentaxe de resolucións negativas superior é o complemento por

cargos de xestión; isto débese a que é posible presentar méritos para a avaliación non recoñecidos con puntuación previamente pola CGIACA.

COMPLEMENTO	TOTAL SOLICITUDES AVALIADAS	RESOLUCIÓNS NEGATIVAS	RESOLUCIÓNS POSITIVAS	% SOLICITUDES POSITIVAS
<b>Actividad docente e investigadora</b>	236	20	216	91,5%
<b>Excelencia curricular docente e investigadora</b>	248	1	247	99,6%
<b>Cargos de Xestión</b>	132	16	116	87,9%
<b>Total</b>	<b>616</b>	<b>37</b>	<b>579</b>	<b>94,0%</b>

Distribución de avaliacións por tipo de complemento

#### Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

O obxecto destes complementos é premiar o labor docente e investigador desenvolvido no SUG. Pódese presentar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpran os requisitos previamente establecidos nas convocatorias. Estes complementos foron os primeiros en se desenvolveren e véñense convocando dende o 2004.

A convocatoria do ano 2012 saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de novembro do 2012 a través da

resolución do 28 de setembro do 2012 pola que se aproba a convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativa ao complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD) e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI). Os resultados obtidos analízanse a continuación por solicitantes, resultados globais, resultados por complemento e categoría do solicitante.

Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade

Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
<b>UDC</b>	47	51	98
<b>USC</b>	30	29	59
<b>UVI</b>	40	39	79
<b>TOTAIS</b>	<b>117</b>	<b>119</b>	<b>236</b>

Distribución de solicitudes de CLD e CLI por universidade e por resultado

Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	98	94	4
<b>USC</b>	59	52	7
<b>UVI</b>	79	70	9
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>216</b>	<b>20</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidades e por resultado

Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	47	46	1
<b>USC</b>	30	26	4
<b>UVI</b>	40	35	5
<b>TOTAIS</b>	<b>117</b>	<b>107</b>	<b>10</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidades e por resultado

Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	51	48	3
<b>USC</b>	29	26	3
<b>UVI</b>	39	35	4
<b>TOTAIS</b>	<b>119</b>	<b>109</b>	<b>10</b>

FIGURA	UDC	USC	UVI	TOTAIS
CU	0	0	0	0
TU	18	21	19	58
CEU	0	0	0	0
TEU	8	1	4	13
CD	72	37	56	165
OUTRAS	0	0	0	0
<b>TOTAIS</b>	<b>98</b>	<b>59</b>	<b>79</b>	<b>236</b>

Distribución das solicitudes de CLD e CLI por universidade e por categoría ocupada na universidade (CU: Catedrático de Universidade, TU: Titular de Universidade, CEU: Catedrático de Escola Universitaria, TEU: Titular de Escola Universitaria, CD: Contratado Doutor)

Nesta convocatoria cómpre mencionar que a maioría de solicitantes foron contratados doutores e titulares de universidade, e isto é por mor das novas contratacións e conversións dunhas categorías noutras. A maioría do funcionariado que compón o SUG ten concedidos estes complementos dende as primeiras convocatorias. Tamén é importante mencionar que o volume de solicitudes vai diminuindo ao longo dos anos debido a que se van consolidando.

Neste tipo de complementos non é significativa a interposición de recursos, e nesta convocatoria só tivemos 2, dos cales ambos os dous foron estimados.

#### Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril do 2004 (DOG do 28 de abril), que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos, para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos e xestión, vixentes ata este momento.

A convocatoria correspondente ao 2012 sae publicada cara a finais de ano, o 15 de novembro. Isto provoca que os trámites de xestión e de avaliación de expedientes se realicen ao longo do primeiro cuadrimestre do 2013; polo tanto, os resultados da convocatoria do 2012 son obxecto de estudo na presente memoria de actividades do 2013.

Seguindo a normativa vixente, aos 5 anos de presentar a súa solicitude, o solicitante debe someter a actividade docente e investigadora desenvolvida no devandito período a un novo proceso de avaliación; velaquí o motivo polo cal a convocatoria do 2011 foi masiva, pois coincidiu coa maior parte dos solicitantes do SUG para este complemento, avaliados no 2006 e reavaliados no 2011.

Pola contra, a convocatoria do 2012 non coincide con ningunha periodicidade de avaliacións masivas de 3 ou 5 anos e, xa que logo, houbo moi poucas solicitudes se as comparamos con anos previos.

Se analizamos os resultados do complemento de excelencia curricular do 2012, o relevante é ver a diferenza existente entre solicitantes reavaliados e novos solicitantes.

Resultados da convocatoria do complemento de excelencia curricular 2012.


UNIVERSIDADES	RESOLUCIÓN NEGATIVAS	RESOLUCIÓN POSITIVAS	DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS (CONVOCATORIA 2012)																					
			-4	-3	-2	-1	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14			
UDC 58	NOVO SOLICITANTE	22	0	22	0	0	0	0	0	0	2	5	6	7	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	36	0	36	0	0	0	6	12	9	9	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
USC 107	NOVO SOLICITANTE	43	0	43	0	0	0	0	0	1	2	18	13	4	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	64	0	64	0	0	2	2	9	21	16	12	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
UVI 83	NOVO SOLICITANTE	32	2	30	0	0	0	0	0	0	2	13	11	3	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	51	0	51	0	0	1	1	6	14	23	5	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total 248	NOVO SOLICITANTE	97	2	95	0	0	0	0	0	3	9	37	31	7	5	3	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	151	0	151	0	0	3	3	21	47	48	26	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Cómpre sinalar que, no caso dos solicitantes reavaliados, a táboa reflicte os tramos que se van incorporando en cada convocatoria ás puntuacións xa consolidadas; por este motivo, non hai moitas resolucións con puntuacións en tramos superiores a 7 tramos. No caso dos novos solicitantes, o que se reflicte en tramos corresponde co resultado total obtido.

Os casos con resultado negativo son practicamente inexistentes, 2 nesta convocatoria. Responden a varios factores, mais o caso máis común é non estar en posesión de 2 quinquenios de docencia e dun sexenio de

investigación (puntuación básica). Tamén se pode dar o caso, entre os solicitantes reavaliados, que non posúan un novo mérito de básica no momento no que se presentan á reavaliación; este é un requisito esixido na convocatoria. Tamén obteñen resultado negativo os solicitantes que non cumpren con outros criterios establecidos na propia convocatoria, tales como a condición de ser funcionarios ou CD ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela.

**Resolucións de excelencia curricular 1C-12**



Os resultados con valores negativos (-4 tramos, -3 tramos, -2 tramos, -1 tramo) e o tramo 0, só se lles aplican aos expedientes reavaliados

A tendencia nos resultados nas distintas convocatorias foi similar, cun número elevado de resolucións positivas. Como resolucións negativas teremos os seguintes supostos: os solicitantes que na súa primeira avaliación non obteñan polo menos 0,5 puntos/tramos; os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria, tales como a condición de ser funcionarios ou CD ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela; os solicitantes reavaliados que, ou ben non acadan un resultado mínimo de 0,1 puntos/tramos na reavaliación, ou ben non obteñen na súa globalidade (sumando os decimais anteriores e os novos) 0,5 tramos.

Na seguinte táboa do 2012, vemos a repartición de resolucións positivas e negativas (menos de 0,5 tramos). Amósanse só as puntuacións adquiridas nesta convocatoria, sen ter en consideración os tramos que os solicitantes reavaliados teñan xa consolidados. Para os novos solicitantes, o que se amosa na táboa é o seu resultado total. Por este motivo hai moi poucas solicitudes con tramos elevados, xa que é moi pouco probable que nunha soa convocatoria un solicitante poida alcanzalos.

Tramos obtidos na convocatoria 1 D/12 de complementos retributivos por cargos de xestión

		SOLICITUDES AVALIADAS	TRAMOS CONVOCATORIA 2012										
			<0,5*	≥0,5	≥1	≥2	≥3	≥4	≥5	≥6	≥7	8	
UDC	31	NOVO SOLICITANTE UDC	10	2	3	4	0	1	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UDC	21	10	6	2	1	2	0	0	0	0	0
USC	55	NOVO SOLICITANTE USC	16	3	6	6	1	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO USC	39	5	8	20	4	2	0	0	0	0	0
UVI	46	NOVO SOLICITANTE UVI	14	3	5	6	0	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UVI	32	9	9	14	0	0	0	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>132</b>	<b>NOVO SOLICITANTE</b>	<b>40</b>	<b>8</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
		<b>SOLICITANTE REAVALIADO</b>	<b>92</b>	<b>24</b>	<b>23</b>	<b>36</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>


**Complemento retributivo por cargos de xestión**

Con data do 15 novembro do 2012, sae publicada a Resolución do 28 de setembro do 2012 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar este complemento retributivo. É o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolve de acordo co Decreto 55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro).

A primeira convocatoria publicouse no 2007, e os posibles membros candidatos do SUG presentáronse á avaliación de xeito masivo. Dende esa primeira convocatoria, amais dos novos solicitantes, aparece un novo perfil de solicitante, pois comeza a existir a figura do reavaliado. Pódense presentar á reavaliación aqueles solicitantes que xa se presentaran en anteriores convocatorias e presenten para a súa valoración un novo período dun cargo anterior ou ben un cargo diferente aos xa valorados. Isto tradúcese nunha modificación dos parámetros medidos, incorporándose os resultados inferiores a 0,5 tramos.

Na seguinte gráfica analizamos por outro lado os tramos totais de cada solicitante reavaliado.

**Total solicitudes complemento por cargos de xestión 1D-12**



\*O resultado con valores negativos  $< 0,5$  ten un diferente significado segundo sexan solicitantes reavaliados ou novos solicitantes. Mentres que para os novos solicitantes ter resultado en tramo  $< 0,5$  supón unha avaliación negativa automaticamente, para os solicitantes reavaliados non supón resultado negativo necesariamente, pois sumaríase o novo valor ao xa consolidado. Para estes últimos, aplícase resolución negativa cando obteñen valores  $\leq 0,1$  tramos e non poden sumar xa que logo este resultado á súa puntuación xa consolidada.

## Programa DOCENTIA

No 2007 a ACSUG asina un convenio de colaboración coa ANECA, para poñer en marcha o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas. O obxectivo é dispoñer duns mecanismos para xestionar a calidade da actividade docente do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Unha vez avaliados positivamente os deseños presentados polas universidades galegas, no 2009 comeza a fase de implantación experimental e de seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa súa certificación.

Ata decembro do 2013 a UDC rematou xa tres convocatorias de implantación do seu deseño DOCENTIA e ten aberta a 4ª convocatoria, que se desenvolverá ao longo do 2014. A USC rematou a 3ª convocatoria de implantación do programa.

No tocante á UVI, está en proceso de revisión do seu Manual de avaliación e pendente da apertura da 2ª convocatoria.

A nivel estatal, o 26 de febreiro do 2013 celebrouse na Universidade Autónoma de Madrid a "I Xornada de Boas Prácticas do Programa DOCENTIA" co obxectivo de facer balance do Programa e difundir as boas prácticas levadas a cabo polas universidades. A xornada tivo moi boa acollida e participaron máis de 230 persoas

## Outras avaliacións de profesorado

### Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo

En cumprimento do Convenio asinado entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo, realízanse as avaliacións previas á emisión dos informes correspondentes á avaliación dos méritos individuais do persoal investigador non permanente e interno da Universidade de Oviedo.

A avaliación da actividade investigadora realízase de xeito similar á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios (Resolución do 18 de novembro do 2009 da Presidencia da CNEAI - BOE núm.289) que establece a CNEAI.

Para a realización desta avaliación cóntase cunha aplicación informática que é utilizada primeiro polos solicitantes e posteriormente polos avaliadores, para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os tramos de 6 en 6 anos, que someten a valoración, completando en cada un as achegas máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora. Cada tramo debe abranguer seis anos de investigación (anos naturais completos, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), e unicamente as fraccións anuais iguais ou superiores a oito meses se computan como ano natural. Os anos constitutivos dun tramo poden ser consecutivos ou non. Os investigadores aos que se lles avaliara negativamente o último período de investigación presentado, poderán construír un novo período de seis anos con algúns dos xa avaliados negativamente na última solicitude presentada e polo menos tres posteriores a aqueles.

Dende que se asina o convenio entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo avaliáronse as seguintes solicitudes:

Avaliación Sexenios de Oviedo	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2009	38
2010	9
2011	23
2012	30
2013	8
<b>TOTAL</b>	<b>108</b>

#### Avaliación de grupos de investigación da Universidade de Oviedo

Asínase un convenio de colaboración entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo para a avaliación previa ao recoñecemento formal de grupos de investigación pola Universidade de Oviedo, de conformidade co regulamento de equipos e grupos de investigación da universidade de Oviedo aprobado no consello de goberno do 18 de decembro do 2008 (BOPA do 14/01/2009).

O obxecto deste convenio é establecer o procedemento de avaliación das solicitudes que a Universidade de Oviedo eleva, a través do Vicerreitorado con competencia en materia de investigación, para o seu recoñecemento como grupo de investigación. As avaliacións realízaas a ACSUG a través de Comités de Asesores Expertos, que se constitúen en función das ramas de coñecemento (Comités de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias, Ciencias da Saúde, Arte e Humanidades e Enxeñaría e Arquitectura). Por parte da ACSUG, remítese á Universidade de Oviedo un informe individualizado

sobre a avaliación realizada a cada un dos Grupos de investigación sometidos para a súa valoración.

AVALIACIÓN GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE OVIEDO	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS PRESENTADAS
2013 (1ª)	15
<b>TOTAL</b>	<b>15</b>

#### Avaliación previa para a asignación de prazas do corpo de profesorado titular de universidade (TU) ou contratado doutor (CD) da Universidade de Vigo (UVI) (convocatoria 2012/2013)

A UVI, en cumprimento do seu Regulamento de profesorado, ten un programa especial de promoción do persoal docente e investigador (PDI) que mediante unha convocatoria anual determina a asignación de prazas do corpo de Profesores Titulares de Universidade ou de Profesorado Contratado Doutor. Acolléndose a este procedemento, o consello de Goberno da Universidade de Vigo, convocou a convocatoria para que se proceda á presentación de solicitudes.

Estas prazas, 17 para esta convocatoria 2012/2013, están suxeitas ás mesmas obrigas ca as correspondentes ao profesorado a tempo completo e figuran nos Plans de Organización Docente dos departamentos.

Os informes de avaliación das solicitudes presentadas son emitidos pola CGIACA logo da súa avaliación por parte da comisión de expertos externos constituída por profesorado de recoñecido prestixio, externo ao SUG. Estes informes trasládanse á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, que é quen publica as cualificacións provisionais na forma prevista no apartado 6.3. A partir desa publicación, os solicitantes

teñen un prazo de 10 días hábiles para formularen as súas alegacións.

Para ser seleccionado neste programa, unha vez superado o proceso de valoración de méritos por parte dos CAE, esíxese un mínimo de 70 puntos globais. As prazas outórganse por campo científico e ámbito, tal e como se recolle nas bases, ata completar as totais da convocatoria. Como regra xeral, non se outorga máis dunha praza por área de coñecemento; excepcionalmente pódese outorgar máis dunha se non se cobren as outorgadas para un mesmo ámbito ou na repartición final resultante.

Dende que se asina o convenio coa Universidade de Vigo o 18 de decembro do 2008, a ACSUG avaliou as seguintes solicitudes para este programa:

PDI DE VIGO	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2008	53
2009	37
2010- 2011	25
2011-2012	33
2012-2013	17
<b>TOTAL</b>	<b>165</b>

#### AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

##### Avaliación previa para a adquisición de axudas pertencentes ao Programa Isidro Parga Pondal

O obxectivo do Programa Isidro Parga Pondal é contribuir a superar o déficit de recursos humanos que ten o sistema de I+D en Galicia a través do apoio á

inserción, nos centros de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros. A duración das axudas do Programa Isidro Parga Pondal que se conceden ás universidades do SUG será de 3 anos e os contratos desenvolveranse nas datas que se indiquen na resolución de adjudicación.

Unicamente a fase de avaliación científico-técnica dos méritos dos candidatos se realiza na ACSUG. No proceso de avaliación das solicitudes os comités de expertos externos deben puntuar os méritos alegados -e debidamente xustificados- polos candidatos dando especial relevancia ás contribucións feitas nos últimos tres anos. As valoracións por parte dos expertos supoñen un 90% da puntuación total. Esta susténtase principalmente en publicacións científicas; proxectos, contratos e patentes; estadias, relatorios e comunicacións a congresos; teses dirixidas e outros méritos científicos. Por outra banda, a selección final dos candidatos faise por parte da comisión de selección que, partindo das puntuacións determinadas nos informes de avaliadores expertos (90% de puntuación), poden engadir ata un 10% máis de puntuación a cada candidato. Esta susténtase no compromiso do solicitante, mediante declaración persoal, de utilización da lingua galega en todas as relacións que, como consecuencia deste procedemento, o interesado manteña coa Administración autonómica, e mais na adecuación do currículo do candidato ao perfil de cada unha das prazas solicitadas.

Amais da concesión explicada anteriormente, segundo a Orde correspondente establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal no marco das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan

galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2012. Poden ser beneficiarias das axudas as universidades do SUG que prorroguen os contratos en vigor subscritos coas persoas seleccionadas no Programa Isidro Parga Pondal da convocatoria correspondente, a través dun contrato laboral. A duración das prórrogas será dun máximo de dous anos.

Para a convocatoria do 2012 (é a prórroga das adxudicacións deste programa para o 2009) presentáronse 18 solicitudes. No 2013 non houbo convocatoria das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal.

Como última fase deste programa realízase a avaliación da calidade da produción e actividade científico-tecnolóxica dos investigadores do programa Isidro Parga Pondal (1ª adquisición 2009) para os efectos da obtención da "certificación de cumprimento" dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-tecnolóxica. Existen unhas condicións básicas diferentes para a obtención dun informe positivo dependendo do eido científico sometido a valoración, pero tanto uns coma outros establecéronse de acordo coa normativa aplicable nesta fase previa de acreditación para o programa Manuel Colmeiro (Orde do 21 de maio do 2008 e Resolución do 20 de xullo do 2005).

Esta última avaliación diríxese, precisamente, á comprobación da calidade da produción e da actividade científico-tecnolóxica dos solicitantes, coa expedición posterior, de ser o caso, da certificación do cumprimento. Na convocatoria do 2013 avaliáronse 19 candidatos.

### Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG.

A través da Orde do 5 de xullo do 2013 establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa operativo de Galicia 2007-2013. O Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle no seu eixe estratéxico 2 a consolidación de grupos de referencia. Na liña de actuación 2.4. de apoio a proxectos de investigación explícase que se debe abandonar o anterior modelo baseado no financiamento dos grupos por acumulación de pequenos proxectos de investigación e adoptar un novo modelo no que os grupos reciben financiamento estrutural baseado en principios de calidade e eficiencia fundamentado nun proceso de avaliación continua. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece as bases para o Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación nas seguintes modalidades:

**Grupos de Referencia Competitiva:** Trátase de axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación. Están caracterizados por bos índices de publicacións académicas; un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo a área na que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional; con capacidade para formar e atraer novos investigadores e afeitos á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou con empresas.

**Redes de investigación:** Trátase de axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación. O solicitante será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento dun plan de actividades conxuntas e complementarias no marco dunha rede.

**Grupos con potencial de crecemento:** Axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D demostran un potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do SUG. Sen acadar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, comprobable con criterios estritos, e están no camiño que leva a ser grupos de referencia.

**Agrupacións estratéxicas:** Por agrupacións estratéxicas enténdense unidades organizadas cun nivel de agregación superior ao grupo de investigación que, establecidas pola universidade propoñente, teñen por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada con obxectivos de I+D e transferencia propios.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións feitas por un panel de avaliadores e pola comisión de selección. Así que se realizan as valoracións, os resultados transmitense á comisión de selección, que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación. Esta Comisión pode conceder ata 10 puntos a cada solicitude dos 100 máximos.

Avaliáronse na convocatoria do 2013 un total de 126 solicitudes das diferentes modalidades.

Dende a adxudicación deste proceso á ACSUG (fase inicial de avaliación realizada por panel de avaliadores expertos que emiten informe á comisión de selección da Consellería, quen elabora a proposta de resolución) realizáronse as seguintes valoracións:

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2010	85
2011	50
2012	73
2013	126
<b>TOTAL</b>	<b>334</b>

### Axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do SUG

A través da Orde do 2 de xullo do 2013 establécense as bases reguladoras para a concesión, da consolidación de grupos de referencia en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do Sistema Universitario de Galicia e procédese á súa convocatoria para o ano 2013.

Ao igual ca o Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación, baséase no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) de apoio a proxectos de investigación baseado en principios de calidade e eficiencia fundamentado nun proceso de avaliación continua. Neste caso, o financiamento de proxectos queda circunscrito aos

investigadores menores de 41 anos que se integren en grupos de investigación de maior entidade e traballen en liñas de investigación diferenciadas, e que ademais teñan experiencia posdoutoral fóra de Galicia.

Dende a adxudicación deste proceso á ACSUG (fase inicial de avaliación realizada por panel de avaliadores expertos que emiten informe á comisión de selección da Consellería, quen elabora a proposta de resolución) realizáronse as seguintes valoracións:

**AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDOS POR INVESTIGADORES EMERXENTES DO SUG**

CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	132
2013	49
<b>TOTAL</b>	<b>181</b>

**Formación postdoctoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade A e Modalidade B.**

O Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle no eixe estratéxico 1, "Xestión do talento", as actuacións de apoio á carreira investigadora, entre as que se atopa o Programa de apoio á etapa posdoutoral. A finalidade deste programa é incrementar a incorporación do persoal investigador ao sistema de I+D+i galego, mediante dúas modalidades diferentes, fomentando na súa etapa inicial a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitar a súa reincorporación ao SUG.

As axudas do plan B son de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), para o ano 2013, co obxecto de lle dar continuidade á formación do persoal investigador que obtivera unha praza na universidade do SUG no Programa Ángeles Alvariño do Plan Incite (convocatorias do 2007 ou do 2009) e permanecera nel ata a súa finalización, completando unha estadía de 24 meses de acordo á súa respectiva orde de convocatoria. Finánciase un contrato dun ano de duración nunha universidade do SUG.

Avaliáronse na ACSUG as seguintes bolsas posdoutorais de modalidade B:

**FORMACIÓN POSDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade B**

CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	26
2013	29
<b>TOTAL</b>	<b>55</b>

Unha vez finalizado o contrato, as persoas contratadas sométense a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida. O proceso de avaliación lévao a cabo un equipo de avaliadores expertos (CAE) de fóra do SUG que é xestionado a través da ACSUG. Para obter unha avaliación positiva deben superar os criterios sinalados no anexo I da Resolución do 20 de xullo do 2005 (BOE do 26 de agosto), pola que se establecen os criterios de avaliación do programa I3.

avaliación positiva deben superar os criterios sinalados no anexo I da Resolución do 20 de xullo do 2005 (BOE do 26 de agosto), pola que se establecen os criterios de avaliación do programa I3. Aínda non se fixo ningunha na ACSUG porque aínda non se cumpriron os prazos de revisión.

**ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL**

Ao longo do ano 2013 a ACSUG seguiu a desenvolver, de xeito periódico e continuo, as súas actividades orientadas á análise da inserción laboral dos titulados no SUG, centradas principalmente no estudo de dúas poboacións diferentes de titulados. Por unha banda, os titulados universitarios en diplomaturas/licenciaturas/enxeñarías técnicas e enxeñarías, arquitectura e arquitectura técnica e os graduados, na maioría dos casos das titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior e, por outra banda, titulados en másteres universitarios, consecuencia da nova estrutura dos plans de estudo: graos, másteres e programas de doutoramento.

Deseguido presentamos un breve resumo das accións realizadas pola ACSUG en ambos os dous campos de actuación analizadas por estudo:

**Estudos de inserción laboral a titulados universitarios en diplomaturas/licenciaturas/enxeñarías técnicas e enxeñarías, arquitectura e arquitectura técnica:**

O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios, aproximadamente aos dous anos de remataren a titulación. Neste caso, non só se pretende achegar información de como se produce esta integración no mercado laboral, senón que tamén se estuda a

**FORMACIÓN POSDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Avaliación final. Modalidade B**

CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2013 ( Finais do 2012)	12
<b>TOTAL</b>	<b>12</b>

As axudas do plan A son de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), para o ano 2013, co obxecto de ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato dun máximo de dous anos de duración para poder realizar así estadías no estranxeiro e dun ano de duración para financiar o seu retorno en universidades do SUG.

A concesión das axudas da modalidade A para o 2013 saen publicadas na Resolución do 12 de decembro do 2013. A data que se establece para o inicio dos contratos laborais é o 27 de decembro do 2013.

**FORMACIÓN POSDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade A**

CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	234
2013	208
<b>TOTAL</b>	<b>442</b>

Unha vez finalizado o contrato, as persoas contratadas sométense a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida, o mesmo que acontece coas axudas da modalidade B. O proceso de avaliación lévao a cabo un equipo de avaliadores expertos (CAE) de fóra do SUG que é xestionado a través da ACSUG. Para obter unha

satisfacción dos titulados co seu paso pola universidade. Con respecto ao mercado laboral, as temáticas estudadas

pódense estruturar principalmente en dous apartados: o acceso ao emprego e a situación laboral actual.

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA						
	EILO506	EILO607	EILO708	EILO809	EILO910	EIL1011
<b>POBLACIÓN</b>	10.280	8.689	9.216	8.846	8.922	9.289
<b>MOSTRA</b>	5.362	4.569	4.830	4.965	5.004	5.114
<b>%</b>	52,16%	52,58%	52,40%	56,12%	56,10%	55,05%
<b>TRABALLO DE CAMPO</b>	maio 2008	maio/xuño 2009	maio/nov. 2010	outubro 2011	decembro 2012	decembro 2013
<b>PUBLICACIÓN DE RESULTADOS</b>	2009	2010	2011	2013	Previsión 2014	Previsión 2015

Porcentaxe de resposta nos últimos seis estudos

• **Titulados no curso académico 2008-2009 (EILO809):** Presentáronse os resultados na publicación do informe global de resultados o 3 de abril do 2013. Elaboráronse tamén as fichas de resultados, detallados por titulacións, dalgúns dos principais resultados que foron enviadas ás universidades e que está previsto publicar na web.

• **Titulados no curso académico 2009-2010 (EILO910):** Ao longo do ano 2013 realizáronse as análises correspondentes dos resultados obtidos no traballo de campo realizado no 2012. O Grupo de Análise Estatística procedeu á análise e á elaboración do informe global de resultados. No mes de decembro comezouse a maquetación da correspondente publicación, e está prevista a súa presentación nos primeiros meses do 2014.

• **Titulados no curso académico 2010-2011 (EIL1011):** O traballo de campo deste estudo realizouse en decembro do 2013.

### Estudos de inserción laboral a titulados universitarios en másteres universitarios oficiais

• **Titulados en Másteres nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010 (EILMásteres0710):**

O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados en Másteres, aproximadamente aos tres anos de remataren a titulación. Neste caso, ao ser a primeira experiencia piloto, considerouse a poboación titulada en másteres correspondente aos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, e, xa que logo, a enquisa realizouse, aproximadamente, aos tres, catro e cinco anos de rematar a titulación, respectivamente.

Tamaño de poboación dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010

UNIVERSIDADE	POBOACIÓN			
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	TOTAL
UDC	178	269	328	775
USC	171	326	502	999
UVI	118	219	803	1140
<b>SUG</b>	<b>467</b>	<b>814</b>	<b>1633</b>	<b>2914</b>

Tamaño de mostra dos titulados en másteres no SUG nos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010

UNIVERSIDADE	MOSTRA			
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	TOTAL
UDC	128	205	252	585
USC	136	259	395	790
UVI	79	166	614	859
<b>SUG</b>	<b>348</b>	<b>633</b>	<b>1261</b>	<b>2234</b>

O traballo de campo realizouse entre maio e xuño do 2013. O traballo levouse a cabo sen efectuar unha mostraxe aleatoria, realizando un estudo exhaustivo e alcanzando finalmente un erro de mostraxe de +/-0,99%, cun nivel de confianza do 95%. Unha vez obtidos os resultados, o grupo de traballo externo, coordinado dende a ACSUG, elaborou un borrador de informe que se entregou a finais do 2013.

Está prevista a revisión e elaboración final da publicación ao longo do ano 2014.

• **Titulados en Másteres nos cursos académicos 2010-2011 (EILMásteres1011):**

Realizouse a petición de datos ás universidades, para realizar o traballo de campo no ano 2014.



Dende a súa creación, a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, tanto nacionais como internacionais.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de ascender e de lles dar publicidade ás actividades que a ACSUG realiza mediante a súa difusión na páxina web, a organización de seminarios, o deseño e realización de publicacións, etc.

## ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

### ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo do que forman parte axencias de calidade de educación superior de 24 países europeos.

A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA dende novembro do 2009, logo de superar positivamente un proceso de avaliación externo levado a cabo por este organismo.

Dado que os membros de pleno dereito de ENQA deben pasar periodicamente por un proceso de avaliación externo cada 5 anos, no ano 2014 a ACSUG volverase someter ao devandito proceso. A finais do ano 2013 a ACSUG e ENQA xa estableceron as bases e a planificación das actividades que se van levar a cabo, e a ACSUG xa

comezou o traballo de autoavaliación, primeira fase do proceso. Está previsto que o comité externo de avaliación designado por ENQA visite as instalacións da ACSUG en abril do 2014 e que en setembro do 2014 ENQA emita o informe final da avaliación da ACSUG.

Amais do comentado anteriormente, a ACSUG participou durante o ano 2013 nas seguintes actividades que ENQA levou a cabo:

- 1) A ACSUG participa dende o ano 2008 no grupo de traballo "Internal Quality Assurance (IQA) Group", integrado por técnicos de calidade interna das axencias de calidade universitarias europeas. No ano 2013 a denominación do grupo de traballo cambiou e agora chámase "Grupo de traballo sobre o coñecemento da parte 3 dos Estandáres Europeos (KP3)", pero a filosofía e proposta de traballo anterior mantense.
- 2) Técnicos da ACSUG participaron durante o ano 2013 noutros dous grupos de traballo específicos creados por ENQA, e o seu traballo continuará durante o ano 2014:
  - a) Grupo de traballo sobre o impacto do aseguramento da calidade: Este grupo de traballo creouse no 2012 e o seu principal obxectivo é analizar os efectos da implantación dos procedementos de aseguramento da calidade na educación superior en Europa.

- b) Grupo de traballo sobre a implicación dos grupos de interese do sistema universitario nos procedementos de aseguramento da calidade: Este grupo de traballo creouse no 2012 e o seu propósito é analizar e fomentar a participación dos distintos colectivos relacionados co ensino superior en Europa: alumnos, titulados, persoal académico, empresarios, etc.
- 3) A ACSUG participou no 4º e 6º newsletters de ENQA do ano 2013, enviando dous artigos sobre os estudos de inserción laboral realizados.
- 4) A ACSUG colaborou no 2013, achegando información sobre as súas actividades, no proxecto de ENQA "Transparencia na Educación Superior en Europa a través da publicación dos informes de aseguramento da calidade (Transparency of European higher education through public quality assurance reports" (EQArep))".
- 5) Asistencia do Director da ACSUG ás dúas reunións anuais de ENQA: ENQA Members' Forum, en abril en Praga (República Checa), e ENQA General Assembly, en outubro en Vilnius (Lituania).
- 6) Asistencia do Director e dun técnico da ACSUG ao 8º European Quality Assurance Forum (EQAF), que tivo lugar en novembro do 2013 en Gotemburgo (Suecia). O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria, etc.

### EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE,

os órganos europeos representantes, respectivamente, das axencias de garantía de calidade, dos estudantes, das universidades e mais doutras institucións de educación superior, para incrementar a transparencia da calidade na educación superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Dende novembro do 2010 a ACSUG está incluída no EQAR, logo de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).

No ano 2013, A ACSUG comezou a colaborar nun estudo posto en marcha polo EQAR denominado "Recoñecemento da Actividade Internacional de Avaliación da Calidade (Recognising International Quality Assurance Activity in the EHEA (RIQAA)". Este estudo continuará durante o ano 2014.

### ECA

A ACSUG é membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA) dende xuño do 2013, organismo do que forman parte axencias de garantía de calidade europeas que queren incidir no recoñecemento mutuo das actividades realizadas, así como na aprendizaxe mutua e o intercambio de boas prácticas relativas á educación superior.

Representantes da ACSUG asistiron no 2013 a dous eventos organizados por ECA:

- 16th ECA Workshop, celebrado en Madrid en xuño.
- ECA Winter Seminar, en decembro na Haia (Holanda).

Ademais, un técnico da ACSUG está a colaborar nun dos grupos de traballo postos en marcha por ECA, o grupo de traballo 1 sobre recoñecemento mutuo e programas conxuntos (Mutual recognition and joint programmes).

### Avaliación de centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español

A ACSUG desenvolveu unha metodoloxía para a avaliación de centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español.

O proceso consta de tres fases:

- 1) Unha autoavaliación que realiza o propio centro (segundo unha guía elaborada pola ACSUG).
- 2) Unha avaliación externa e emisión de informe final por parte dun comité externo designado pola ACSUG (incluíndo unha visita aos centros avaliados). O certificado concedido pola ACSUG terá unha validez de seis anos.
- 3) Seguimento e renovación do certificado. O certificado concedido pola ACSUG terá unha validez de seis anos.

O centro debe elaborar e enviar á ACSUG, anualmente, un autoinforme de seguimento acorde coa "Guía de seguimento dos centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español. 2013" elaborada pola ACSUG, que inclúa o plan de accións de mellora e os resultados dos indicadores, para a súa revisión pola comisión de avaliadores externos.

Ao cabo de tres anos realizarase unha avaliación de seguimento para comprobar a execución efectiva das devanditas accións e a súa repercusión na mellora continua do centro.

Aos seis anos, tras a realización dunha avaliación de renovación, renovarase, se procede, o certificado de avaliación, conforme ás guías establecidas no procedemento.

A avaliación de seguimento e renovación supón a repetición de todas as actividades de avaliación: autoavaliación e avaliación externa.

### Avaliación de centros da Universidade de San Martín de Porres (USMP) de Perú

A ACSUG e mais a Universidade de San Martín de Porres (USMP) de Perú asinaron no 2010 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade, incidindo deste xeito no aseguramento da súa calidade.

Entre os anos 2010 e 2012, 9 centros da USMP foron certificados pola ACSUG.

No ano 2013 todos os centros enviaron o seu correspondente autoinforme de seguimento á ACSUG.

### Avaliación de centros da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú

A ACSUG e mais a Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú asinaron no ano 2012 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade, incidindo deste xeito no aseguramento da súa calidade.

Durante o ano 2013, levouse a cabo o proceso de avaliación das seguintes Carreiras Académico Profesionais (CAP):

- CAP de Enfermaría
- CAP de Obstetricia
- CAP de Odontoloxía
- CAP de Farmacia e Bioquímica

autónomas, é o sexto dunha serie de informes anuais que teñen como obxectivos amosar unha visión global do sistema universitario español dende a perspectiva das actividades que realizan as axencias de calidade e mais cumprir co compromiso de rendición de contas.

De cara ao ano 2014, planificouse o proceso de avaliación de 10 novas carreiras académico profesionais da UANCV:

- CAP de Contabilidade
- CAP de Dereito
- CAP de Enxeñaría de Sistemas
- CAP de Enxeñaría Civil
- CAP de Enxeñaría Mecánica Eléctrica
- CAP de Enxeñaría Electrónica e Telecomunicacións
- CAP de Enxeñaría Industrial
- CAP de Enxeñaría Mecatrónica
- CAP de Arquitectura e Urbanismo
- CAP de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental

O informe divídese en catro bloques fundamentais: a mellora da calidade das institucións de educación superior (programas AUDIT e DOCENTIA), a mellora da calidade dos títulos universitarios, a mellora da calidade profesional do persoal docente e investigador e, para rematar, a calidade e información ao servizo da sociedade.

#### Participación na Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU)

A ACSUG é membro da REACU, organismo do que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de ámbito autonómico e mais a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Nas reunións periódicas deste organismo trátanse temas sobre avaliación e coordinación que afectan a todas as axencias españolas.

#### Participación na Comisión Universitaria Reguladora do Seguimento e a Acreditación (CURSA)

A ACSUG é membro de CURSA, comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

## OUTRAS COLABORACIÓNS

### Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades

En xullo do 2013 publicouse o "Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2012". Este informe, coordinado por ANECA e no que participan todas as axencias de calidade

## CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

Cursos, xornadas e seminarios organizados pola ACSUG.

### Organizados pola ACSUG

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
16/01/13	Xornada de Formación para as Comisións de Avaliación do programa DOCENTIA da Universidade de Santiago de Compostela (USC)	ACSUG
05-08/11/13	Xornadas informativas ás universidades galegas: "Resultados do seguimento e proxecto piloto de acreditación de títulos"	USC, UVIGO, UDC
17/12/13	Xornada de formación para representantes da Universidade Nacional San Luís Gonzaga de ICA (Perú)	ACSUG

Presentación de relatorios por parte da ACSUG

### Presentación de ponencias

DATA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
14/06/13	Conferencia sobre inserción laboral na Axencia de Calidade de Aragón (ACPUA)	Asistencia do Director e dun técnico da ACSUG e presentación dun relatorio	Zaragoza
Do 24/06/13 ao 28/06/13	X Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior (FECIES)	Asistencia do Director e de varios técnicos da ACSUG. Presentación de varios relatorios e dun póster.	Granada
Do 01/07/13 ao 07/07/13	Visita e conferencia na Universidade Nacional San Luís Gonzaga de ICA (Perú)	Relatorio presentado polo Director da ACSUG.	ICA (Perú)
04/10/13	Xornada formativa na Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Juliaca (Perú) sobre procedementos de avaliación da calidade	Relatorios presentados por 2 técnicos da ACSUG	Juliaca (Perú)

## PUBLICACIONES

No ano 2013 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

### Espacio Europeo de Educación Superior (EEES)



Título: Lexislación sobre o espazo europeo de educación superior  
Páxinas: 547  
Ano: 2013  
Depósito Legal: C 2005-2013

### Informes



Título: 3º informe de avaliación da implantación: UDC  
Páxinas: 6  
Ano: 2013



Título: Informe sobre o proceso de seguimento de títulos oficiais de grao e máster (convocatorias 2011, 2012 e 2013)  
Páxinas: 29  
Ano: 2013



**ACSUC**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA